

**Praza número: 22/9006**

**Categoría: Axudante Doutor/a**

**Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva**

**Departamento: Educación Física e Deportiva**

**Docencia: 620G01013 Fisioloxía do Exercicio I**

**620G01010 Fútbol e a súa Didáctica**

**Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física**

**Número de prazas: 1**

**Dedicación: Tempo Completo**

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de vulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

que o concursante que figuraba en primeiro lugar non formalizou o contrato correspondente,

que a segunda e terceira persoas propostas renunciaron,

e que a concursante que figuraba en cuarto lugar non formalizou o contrato correspondente,

esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve declarar **concluído o procedemento e deserta a praza**.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor (RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández